

RESOLUCIÓN DE APROBACIÓN DA LISTA DEFINITIVA DE ADMITIDOS E EXCLUÍDOS AO PROCEDIMENTO DE ADQUISICIÓN DE VIVENDAS DE PROMOCIÓN PÚBLICA (VPP) EN SEGUNDA OU POSTERIOR TRANSMISIÓN NO CONCELLO DE SADA

En data 09 de xuño de 2016 publicouse a resolución da lista provisional de admitidos e excluídos no procedemento de adquisición de vivenda protexida de promoción pública en segunda ou posterior transmisión do expediente C97020 conta 19, situado no concello de Sada na r/ Estrada de Sada-Armuño, 17 (antes Portal 3-4, 1º der.).

Transcorrido o prazo sinalado na devandita resolución, non se presentaron reclamacións.

Á vista do que antecede

Resolvo

1º Declarar deserto o procedemento de adquisición, referido á resolución de inicio do 22 de setembro de 2015, de vivenda protexida de promoción pública (VPP) en segunda ou posterior transmisión do expediente C97020 conta 19, situado no concello de Sada na r/ Estrada de Sada-Armuño, 17 (antes Portal 3-4, 1º der.).

2º Ordenar a publicación desta resolución na páxina web de I.G.V.S.

Contra esta resolución, que non esgota a vía administrativa, poderase interponer recurso de alzada ante a conselleira de Infraestruturas e Vivenda, no prazo dun mes a partir do día seguinte ao da publicación da presente resolución, de conformidade có disposto no artigo 114 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administración pública e do procedemento administrativo común.

A Coruña, 22 de xuño de 2016

O xefe territorial da Consellería de Infraestruturas e Vivenda

José Antonio Álvarez Vidal